

INFORMACION SOBRE A PROBA DE ACCESO A CICLOS SUPERIORES 2016

<http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-superior>

Debes ler toda a información na Orde do 2 de febreiro de 2016

Requisitos de idade para poder presentarse:

Ter cumpridos **dezanove anos** ou cumprilos no ano natural de celebración da proba (2016).

Onde se pode presentar a solicitude de inscrición para a proba de acceso?

Nas secretarías dos institutos onde se impartan ciclos formativos de formación profesional (no IES Pintor Colmeiro podes facelo). [Modelo](#)

Tamén podes cubrir a solicitude na [Web](#) tes que imprimila e entregala na secretaría do centro.

Cal e o prazo para presentar a solicitude de inscrición para a proba de acceso a grao superior?

Do **15 ao 26 de febreiro**

Cando sei se estou admitido/a?

Sae o listado en <http://www.edu.xunta.es/fp/acceso-grao-superior-convocatoria-actual>

En que consiste a proba?

A proba consta de dúas partes: unha común e outra específica.

A parte común organízase en tres probas: lingua galega, lingua castelá e matemáticas.

A parte específica organízase en tres opcións (A, B e C) segundo a familia profesional do ciclo formativo que se pretenda estudar (mira o cadro da seguinte páxina).

– Opción A: economía da empresa, lingua estranxeira (inglés ou francés), e filosofía e cidadanía.

– Opción B: debuxo técnico, tecnoloxía industrial, e física.

– Opción C: ciencias da terra e ambientais, química, e bioloxía.

Nas solicitudes elixirase unha única opción (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escolleranse dúas materias.

Modelos de exame de convocatorias anteriores (coas solucións):

<http://www.edu.xunta.es/fp/node/269/>

Como se calcula a nota da proba de acceso?

A cualificación de cada parte da proba (común e específica) será numérica, entre cero e dez puntos.

A nota final da proba calcularase sempre que se obteña polo menos unha puntuación de 4,00 puntos en cada parte (común e específica) e será a media aritmética destas, expresada con dous decimais.

2

Será positiva a cualificación de 5,00 puntos ou superior. En caso contrario, a nota final cualificarase como "non apto/a".

Para facer a media da nota de cada parte non é preciso ter unha nota mínima nas materias que constitúen esa parte.

DESENVOLVEMENTO DA PROBA

En que data terá lugar a proba?

O día **20 de abril de 2016**.

En que horario?

- Ás 9:00 horas: presentación.

Parte común da proba

- Das 10:15 ás 13:30 horas (matemáticas, lingua galega e lingua castelá).

Parte específica da proba

- Das 16:00 ás 18:30 horas (materias específicas da opción vinculada ao ciclo formativo).

Onde terá lugar a proba?

Saberase o 11 de abril [aquí](#).

Que documentación é necesario levar o día da realización da proba?

O documento oficial de identidade e copia da folla da solicitude de inscrición.

Que materiais se poderán empregar no desenvolvemento das probas?

- Bolígrafo de tinta negra ou azul (ningunha outra cor).
- Calculadora non programable (matemáticas, física, química e tecnoloxía industrial).
- Para a proba de debuxo técnico, materiais básicos de debuxo: lapis, compás, regra, escuadra e cartabón.

Non se admitirá ningún aparello capaz de recibir, transmitir nin almacenar información, como, por exemplo, teléfonos móbiles.

Cando saen as notas?

Listado provisorio o 9 de maio. Listado definitivo o 27 de maio.

Durante canto tempo se conservan as partes aprobadas da proba no caso de que non aprobe todas?

Durante dous anos consecutivos.

En que centros se poden solicitar os certificados das probas de acceso a grao superior ?

No instituto onde realizaches as probas de acceso ou onde te inscribiches a partir do 1 de xuño.

ONDE PODO CONSULTAR INFORMACIÓN SOBRE OS CICLOS QUE SE IMPARTEN EN GALICIA?

<http://www.edu.xunta.es/fp/folletos-informativos-fp>

RELACIÓN ENTRE OS CICLOS SUPERIORES E AS MATERIAS DA FASE ESPECÍFICA DA PROBA

OPCIÓN SEGUNDO FAMILIAS PROFESIONAIS DERIVADAS DA LOE	MATERIAS DE REFERENCIA DO BACHARELATO
OPCIÓN A	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Administración e Xestión. ▪ Comercio e Márketing. ▪ Hostalaría e Turismo. ▪ Servizos Socioculturais e á Comunidade. ▪ Imaxe e Son (só o ciclo de Produción de Audiovisuais e Espectáculos). 	<p>Materias da opción A</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Economía da empresa. ▪ Lingua estranxeira (francés ou inglés). ▪ Filosofía e cidadanía.
OPCIÓN B	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Artes Gráficas. ▪ Edificación e Obra Civil. ▪ Electricidade e Electrónica. ▪ Imaxe e Son (agás o ciclo de Produción de Audiovisuais e Espectáculos). ▪ Enerxía e Auga. ▪ Fabricación Mecánica. ▪ Informática e Comunicacions. ▪ Instalación e Mantemento. ▪ Madeira, Moble e Cortiza. ▪ Marítimo-Pesqueira (agás o ciclo de Acuicultura). ▪ Transporte e Mantemento de Vehículos. ▪ Téxtil, Confección e pel. ▪ Industrias Extractivas. ▪ Vidro e Cerámica. 	<p>Materias da opción B</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Debuxo técnico. ▪ Tecnoloxía industrial. ▪ Física.
OPCIÓN C	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Agraria. ▪ Actividades Físicas e Deportivas. ▪ Imaxe Persoal. ▪ Industrias Alimentarias. ▪ Marítimo-Pesqueira (só o ciclo de Acuicultura). ▪ Química. ▪ Seguridade e Medio Ambiente. ▪ Sanidade. 	<p>Materias da opción C</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Ciencias da terra e ambientais. ▪ Química. ▪ Bioloxía.